

Dereitos e liberdades na Galiza

RESUMO DE NOTÍCIAS

3º trimestre 2014



04/07/2014

POR DIVULGACIÓN DE DATOS DE PERSOAS PRESAS **A AEPD desestima queixa de EsCULcA**

O 27 de xuño de 2014, o director da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) ditou resolución pola que desestima a queixa formulada por EsCULcA o pasado 4 de maio. O noso observatorio solicitaba a incoación de expediente a Institucións Penitenciarias por revelación pública de datos protexidos de persoas presas no C.P. de Teixeiro.

<http://esculca.net/web/node/4308#.VDqnChb5II0>



27/06/2014

DIANTE DO XULGADO DE VIGO **Impiden concentración en apoio a compañeiro xulgado**

Os preferentistas do Val Miñor, Baixo Miño e comarca de Vigo non poderá apoiar un dos seus compañeiros, o portavoz da plataforma de afectados por preferentes do Baixo Miño, Xulio Vicente, que este venres é xulgado en Vigo. Unha vez máis, a Subdelegación do Goberno en Pontevedra negou a este colectivo o dereito constitucional de protesta democrática e pacífica

<http://esculca.net/web/node/4291#.VDqnQhb5II0>



05/04/2014

ALGÚN MENOR DE IDADE

Acusan de atentado estudantes que participaron na folga do 20F

A Subdelegación do Goberno de Pontevedra atribúelles delitos de "desordes públicas, atentando, danos e lesións" a pesar de as identificacións teren sido feitas "unha hora despois" do remate da manifestación. Axentes non uniformados abordaron membros dun grupo de estudantes cando voltaban a casa, sen xustificación algunha, afirma A.L.P.

<http://esculca.net/web/node/4118#.VDqnbBb5II0>



30/07/2014

CARTA DE ADVERTENCIA DA XUNTA

Usuarios da Risga "non deben exercer mendicidade nin prostitución"

Nas cartas que remite a Xunta aos usuarios da Risga advírtese da obriga de "non exercer a mendicidade nin a prostitución, nin incidir ou compeler á práctica de calquera delas a ningún membro da unidade de convivencia". "Esta obriga, propia do século pasado, non aparece na lei en vigor", denuncia Juan Fajardo (AGE). A actual Lei de Integración Social non inclúe nada semellante.

<http://esculca.net/web/node/4347#.VDqnox5II0>



03/08/2014

REVELACIÓN PÚBLICA DE DATOS PROTEXIDOS

EsCULcA presenta recurso de reposición contra resolución da AEPD

EsCULcA apresentou [recurso](#) potestativo de reposición contra a decisión do Director da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), Carlos Garrido Falla, de desestimar a queixa presentada polo noso observatorio en que solicitaba a incoación de expediente a Institucións Penitenciarias por revelación pública de datos protexidos de persoas presas no C.P. de Teixeiro.

<http://esculca.net/web/node/4358#.VDqn8Bb5II0>



18/08/2014

POR OMISIÓN EN CASO DE VIOLENCIA DE XÉNERO **AGAMME analiza condena da ONU contra o Reino de España**

A *Asociación Galega contra o Maltrato a Menores* (AGAMME) fixo pública a súa análise sobre a decisión do *Comité das NN.UU. para a Eliminación da Discriminación contra a Muller* de condenar o Reino de España por non ter actuado con dilixencia no caso de violación dos dereitos de Á.G., vítima de violencia de xénero, e a súa filla A., asasinada polo pai durante o réxime de visitas en 2003.

<http://esculca.net/web/node/4364#.VDqolhb5II0>



21/08/2014

NUN XIMNASIO DO CÁRCERE DE TEIXEIRO **Rexeitada demanda da familia de preso que apareceu aforcado**

A Audiencia Nacional desestimou o recurso da familia dun preso que apareceu aforcado nun ximnasio do centro penal de Teixeiro en agosto de 2006. A autopsia determinou que a causa da morte foi o suicidio, e os pais presentaron un recurso pola presunta responsabilidade do Estado no suceso, por omisión do debido coidado.

<http://esculca.net/web/node/4367#.VDqoQxb5II0>



25/08/2014

NO MÓDULO DE ISOLAMENTO DO PENAL **Folga de fame na Lama por malos tratos e tortura**

E.S., preso no cárcere da Lama comezou unha folga de fame o pasado 14 de agosto en protesta polos malos tratos e torturas a persoas recluídas no módulo de isolamento do penal. áais en concreto pola difícil situación que vive J.S. na ala curta do módulo, vítima de graves e reiterados abusos, e pola morte de E.G., acontecida hai case tres meses que provocou a denuncia da familia contra o C.P.

<http://esculca.net/web/node/4368#.VDqoZhb5II0>



25/08/2014

VISITA Á CATEDRAL E ABRAZO AO APÓSTOLO

Merkel en Compostela: vulneración de dereitos e cargas policiais

Rúas cortadas por policía anti-disturbios, identificacións, prohibición de acceder a determinados espazos públicos e unha carga policial foron a resposta á protesta pacífica con que centos de persoas quixeron esta segunda feira testemuñar a súa oposición ás políticas europeas en curso, simbolizadas por Angela Merkel. Varias persoas resultaron contusionadas.

<http://esculca.net/web/node/4369#.VDqojhb5II0>



30/08/2014

GOVERNO MUNICIPAL DA CORUNHA

Polícia local contra persoas que procuram comida nos contentores

A 50 chega já o número de persoas denunciadas neste ano por procurarem comida e outros objetos entre o lixo dos contentores nas ruas da Corunha. O motivo? "una infraçom à norma de gestom dos resíduos urbanos e limpeza viária", indicam fontes da policía local, encargada de realizar as denúncias ordenadas polo goberno municipal.

<http://esculca.net/web/node/4375#.VDqotxb5II0>



03/09/2014

A PESAR DE PERDER 23% DA POBOACIÓN RECLUSA

O cárcere de Pereiro de Aguiar ainda superlotado

A prisión provincial de Ourense, com 267 celas, alberga unhas 360 persoas presas. Crecen os ingresos temporais de persoas condenadas por acumularem varios delitos de tráfico. Desde 2009, a poboación reclusa reduciuse en todos os parámetros, por regra xeral a un ritmo paulatino. Paralelamente baixa o número de funcionario/as que traballan no interior do cárcere.

<http://esculca.net/web/node/4378#.VDqo3hb5II0>



03/09/2014

SEN CONSTAREN MOTIVOS CONCRETOS

Interior aplica medidas severas a presos islamistas da Lama

Institucións Penais decidiu endurecer o réxime de dous presos do 11-M recluídos na prisión da Lama. Os internos estaban en segundo grao, o que lles daba opción de saír ao patio e realizaren actividades no centro, mais agora foron pasados a 1º grao, o réxime máis severo, de maneira que non poderán participar en actividades e só poderán saír ao patio catro horas ao día.

http://esculca.net/web/node/4379#.VDqo_hb5II0



04/09/2014

STOP DESAFIUZAMENTOS CONVOCA PROTESTA

Imputado bombeiro da Coruña que se negou a executar despexo

O voceiro parlamentario do BNG, os portavoces municipais do Bloque e de Esquerda Unida, o secretario comarcal da CIG e o bombeiro que se negou a executar o desafiuzamento foron expedientados pola Subdelegación do Goberno na Coruña por participaren na protesta que, en febreiro de 2013, procuraba impedir o desafiuzamento de Aurelia Rey, unha anciá da Coruña.

<http://esculca.net/web/node/4380#.VDqplhb5II0>



04/09/2014

REIVINDICAR NA VILA DE NOIA

Dúzias de agentes da Guarda Civil para 8 manifestantes

Desde hai meses vem producindo-se em Noia umha situaçom que, nom fosse porque afecta direitos fundamentais, origina despesas e provoca alarma social, resultaria cómica. Numerosos agentes da Guarda Civil, pertrechados para fazer frente a um inimigo perigoso, cercam um grupo reduzido de persoas que se reúnem cada mes para reclamarem respeito aos direitos das persoas presas.

<http://esculca.net/web/node/4382#.VDqpQhb5II0>



07/09/2014

NO CÁRCERE DA LAMA

Preso en folga de fame indefinida contra os malos tratos e torturas

Despois de 15 días en folga de fame, o estado de saúde de E.S.P., interno da Lama que iniciou a súa protesta o pasado 14 de agosto, comeza a resentirse. O propósito é protestar polos malos tratos e torturas que reciben os presos da Lama recluídos no módulo de isolamento. Despois de 10 anos de presidio, E.S.P. deberá saír en pouco máis de dous anos.

<http://esculca.net/web/node/4386#.VDqpYxb5II0>



11/09/2014

NO PERCORRIDO DE LA VUELTA

A policía identifica activistas por despregaren bandeiras nacionalistas

Como xa acontecera en anteriores ocasións, axentes da policía española retiveron e identificaron 6 militantes do BNG cando quixeron despregar bandeiras nacionalistas nun tramo da volta ciclista. Causa Galiza denuncia a identificación e agresión dun militante da organización na Coruña cando tentaba pendurar unha faixa no paso de La Vuelta.

<http://esculca.net/web/node/4390#.VDqpgxb5II0>



13/09/2014

NO CONCELLO DE COMPOSTELA

Gandeiro multado por o seu gando suxar unha pista da parcelaria

O concello Compostela iniciou expediente sancionador a un veciño de Enfesta por o seu gando suxar unha vía pública destinada a servir as explotacións agrogandeiras do lugar. O expediente baséase na aplicación dunha norma -a Ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria- en que se fai referencia aos animais de compañía no contorno urbano.

<http://esculca.net/web/node/4391#.VDqpohb5II0>



13/09/2014

POR SER "UNHA COMPETENCIA ESTATAL" AFIRMA A Xunta ignora o número de manifestacións e sancións na Galiza

O director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, nega información ao Parlamento sobre o número de manifestacións que acolleu Galiza desde 2013 e o número de persoas que foron sancionadas durante as protestas alegando eses datos non obraren en poder do executivo galego por tratarse de «unha competencia estatal».

<http://esculca.net/web/node/4392#.VDqpxxb5II0>



14/09/2014

"ME PARECE DE AURORA BOREAL" Juárez arremete contra a/os activistas da protesta contra Merkel

A dura represión da protesta que tivo lugar en Compostela durante a visita de Angela Merkel foi xustificada polo delegado do goberno na Galiza –Samuel Juárez-, en entrevista concedida a un xornal coruñés, por as persoas que participaron nela teren exercido violencia contra os axentes da policía (sic). “Me parece de aurora boreal”, afirma o representante do goberno español.

<http://esculca.net/web/node/4393#.VDqp4Bb5II0>



18/09/2014

MANIFESTACIÓN DE GALICIA BILINGÜE Seis activistas condenados a un total de máis de once anos de cadea

Seis das once persoas encausadas no proceso polo que se xulgaban os incidentes acontecidos en Compostela en 2009 durante unha manifestación de Galicia Bilingüe foron condenadas. En total, once anos e cinco meses de cadea para estes seis cidadáns foi a condena imposta pola xuíza, mentres que outros cinco foron absoltos de todos os cargos.

<http://esculca.net/web/node/4403#.VDqqFhb5II0>



18/09/2014

QUEIXA DE AVOGADA DE ESCULCA

Vulnerado o dereito á confidencialidade no CP de Teixeira

Yolanda Ferreiro Novo, Vice-Presidenta de EsCULcA, dirixiu o pasado día 15 de setembro escrito ao Colexio de Avogados de Ourense en que solicita se requira de inmediato á Dirección do CP de Teixeira para que tome das medidas necesarias a fin de garantir o cumprimento dos principios de seguridade e confidencialidade nas comunicacións das persoas presas co/as avogado/as.

<http://esculca.net/web/node/4404#.VDqgNRb5II0>



19/09/2014

DESPEXO DUNHA FAMILIA EN ARINS

Cargas, identificacións e un sindicalista levado a comisaría

Cargas policiais, identificación de activistas anti-despexos e un sindicalista levado a comisaría despois de ser alvo de violencia policial é o saldo provisorio da actuación de axentes anti-disturbios contra as persoas que pretendían impedir que unha familia de Arins (Compostela), con todos os seus membros no desemprego, perdesa a vivenda construída cos seus propios medios.

<http://esculca.net/web/node/4406#.VDqgUhb5II0>



22/09/2014

REDE GALEGA POLA DEFENSA DO DEREITO Á SAÚDE

Reclaman inclusión de inmigrantes na atención sanitaria ordinaria

A Rede Galega pola Defensa do Dereito á Saúde, convoca unha conferencia de prensa o día 24 de setembro ás 16: 30 H diante do Pazo de Congressos e Exposicións de Compostela coincidindo coa Xuntanza informal do Consello Interterritorial de Saúde. Reclama a retirada do R.D.L. 16/2012 que exclúe persoas inmigrantes do dereito á atención sanitaria ordinaria.

<http://esculca.net/web/node/4410#.VDqgfBb5II0>



25/09/2014

PROTESTA POR VULNERACIÓN DE DEREITOS

Concentración en Vigo en apoio de interno da Lama en folga de fame

O CEL de Vigo convoca unha concentración diante do Museo de Arte Contemporánea da cidade (MARCO), na rúa do Príncipe, en solidariedade con E.S., interno na Lama que leva 42 días en folga de fame para protestar pola vulneración constante dos dereitos das persoas presas e nomeadamente das reclusas en confinamento solitario. O acto terá lugar o día 26 ás 20:00 horas.

<http://esculca.net/web/node/4420#.VDqg4Rb5II0>

Galiza, outubro de 2014
